



**ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DAS OFERTAS CELEBRADA
O DÍA 7 DE XULLO DE 2014**

Na Sala de Reunións da Área de Fomento no Concello de Vigo (2º andar), sendo as 11:35 horas do día 7 de xullo de 2014, se reúne en sesión pública a Comisión encargada de seleccionar as ofertas para contratos menores de obras, segundo as Instrucións do concelleiro delegado da Área de Fomento e Transporte de 30 de maio de 2013.

A Comisión queda constituída coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: D. José Rodríguez García. Asesor Xurídico da Área e Vogal da Comisión, que actúa por delegación de D. David Regades Fernández, concelleiro da Área de Fomento e Transporte, que se atopa ausente.

Vogal: D. Álvaro Crespo Casal. Xefe da Área de Fomento.

Secretaria: Dña. Sonia Gómez Álvarez. Técnica de Xestión da Área.

EXPEDIENTE nº 2482/440	Contrato menor de obras
Obxecto do contrato	Obras de reparación de pasos de peóns no termo municipal de Vigo (adaptación de pasos de peóns á normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas)
Orzamento máximo de licitación (IVE incluído)	58.794,37 euros
Trámite	Apertura dos sobres que conteñen a documentación persoal e as ofertas económicas

Se procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación persoal e as proposicións económicas presentadas para a obra de referencia, resultando as seguintes, ordenadas en función do prezo ofertado:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA
CANALIS Soluciones Tecnológicas, S.L.	32.924,85 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	39.639,16 €
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	40.762,14 €
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	41.743,00 €
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	42.301,60 €
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	42.326,07 €
GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	42.625,00 €
REFORVIGO, S.L.	43.402,01 €
MONTAJES J.M.IGLESIAS, S.L.	43.507,00 €
COPCISA, S.A.	44.760,15 €
CYS HISPANIA, S.L.	44.959,85 €
NATURGALIA, S.L.	45.019,59 €
CONSTRUCCIONES MIRÓN Y GUTIÉRREZ, S.L.	47.035,49 €
REHABILITACIONES Y CONSTRUCCIONES SAUDINO, S.L.	47.600,00 €
ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L.	49.028,61 €
STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	52.767,94 €
ECOMIR ESTRUCTURAS, S.L.	53.503,43 €
NAROM, S.L.	54.976,62 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	55.660,00 €
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	57.995,30 €



A continuación e de acordo co previsto nas Instrucións para a tramitación de contratos de obras menores da Área de Fomento, se procede do seguinte modo:

- 1º.- Cálculo da media aritmética das ofertas presentadas.
- 2º.- Unha vez calculada, se resta un 10% á mesma, tendo como conclusión que aquelas ofertas que se encontren por debaixo deste umbral ou límite (41.514,20 €) son rexeitadas.

Aplicando o sinalado no parágrafo anterior, **se exclúen** por incluír valores anormais ou desproporcionados as ofertas correspondentes ás mercantís que se citan a continuación:

- CANALIS Soluciones Tecnológicas, S.L. Proposición económica: 32.924,85 €.
- SERGONSA SERVICIOS, S.L. Proposición económica: 39.639,16 €.
- IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. Proposición económica: 40.762,14 €.

Resultando, polo tanto, que a **mellor oferta das admitidas** é a presentada pola mercantil ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), por un importe de 41.743,00 euros.

Se comproba que a documentación persoal presentada por este licitador é correcta.

A continuación, a Comisión adoptou o seguinte acordo:

- 1º.- Publicar a presente acta no Perfil do Contratante da páxina web municipal.
- 2º.- Remitir o expediente ao Servizo Xestor para que requira a mercantil "ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)" -por ser o licitador que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa das admitidas- para que aporte xustificante de ter depositado na Tesourería Municipal garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, en calquera das formas previstas no artigo 96 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) no prazo de 5 días hábiles contados a partir da notificación.

Se non o fixera no indicado prazo entenderase que renuncia ao contrato, substituíndoo o licitador que teña presentado a seguinte oferta economicamente mais vantaxosa.

Constituída a garantía formalizarase o contrato conforme ao previsto no artigo 111 do TRLCSP.

Finaliza a sesión ás 12:05 horas na data sinalada no encabezamento. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto a presente Acta da que dou fe.

O Presidente accidental

Asdo.: D. José Rodríguez García

O Vogal

Asdo.: D. Alvaro Crespo Casal

A Secretaria

Asdo.: D^a Sonia Gómez Álvarez